

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Programa EMOCIONA

Entidade executante

Asociación Avelaíña pro saúde mental (<https://xn--avelaia-9za.es/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese nas comarcas de O Condado (Ponteareas, As Neves, Salvaterra, Mondariz e Mondariz Balneario), A Paradanta (A Cañiza, Arbo, Crecente e Covelo), así como o municipio de Salceda de Caselas. A localización física do programa sitúase nos concellos de Ponteareas e A Cañiza.

Persoas destinatarias

As persoas usuarias con trastorno mental grave e os seus familiares e achegados. O número de beneficiarios directos ascende a 47 persoas, sendo estes 21 persoas con trastorno mental grave e 26 familiares e/ou persoas achegadas

Obxectivos

Xeral: Ofrecer un soporte e apoio emocional e psicolóxico ás persoas usuarias con trastorno mental grave, persoas coidadoras e persoas achegadas

Específicos:

Traballar de xeito grupal coas familias, persoas coidadoras e persoas achegadas, diferentes aspectos relacionados co seu benestar emocional. Facilitar o seguimento do benestar emocional das persoas usuarias a través de diversas canles de comunicación
Ofrecer unha atención individualizada a cada caso, en función da avaliación das súas necesidades
Actuar en coordinación con outras entidades ou profesionais sociosanitarios que interveñan en cada caso
Asegurar un adecuado tratamento dos casos a través da planificación e rexistro das intervencións realizadas.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Metodoloxía

O proxecto vira sobre catro eixos fundamentais:

1- A atención de proximidade no entorno comunitario máis próximo da persoa a través de:

Dous puntos de atención fixos na comunidade (unidades de apoio comunitario con sedes nas cabezas comarcais)

Apoio emocional presencial en domicilio

Atención telemática

2- O coidado da saúde mental das persoas con trastorno mental grave e das súas familias, persoas coidadoras e persoas achegadas a través do apoio emocional.

3- A perspectiva comunitaria, que implica que a intervención social coa persoa se deseñe e leve a cabo de forma que contribúa no posible a fortalecer os apoios e redes sociais e comunitarios mediante a aplicación de principios como a proximidade, a continuidade, a normalización, a integración, a inclusión e a autonomía.

4- O traballo interdisciplinario e en equipo, a través da participación de diversos perfís profesionais: psicólogos, traballadores sociais e educadores sociais.

As actividades que se levan a cabo son:

Avaliación de casos

Apoio emocional individual a persoas usuarias

Apoio emocional individual a familiares

Seguimento asertivo

Coordinación con outros axentes sociosanitarios